

## AXUDAS FOEXGA 2024 CONVOCATORIA

RESOLUCIÓN do 8 de marzo de 2024 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas Foexga (fomento das exportacións galegas), susceptibles de seren cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento IG422B), así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión (código de procedemento IG422A), e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, en réxime de concorrencia non competitiva.-  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240313/AnuncioO92-040324-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240313/AnuncioO92-040324-0001_gl.pdf)

### A Cámara de Comercio de A Coruña e o Igape convocan unha PARTICIPACION EN FERIA INDEX SAUDI

Expediente IG202.2024.1.55

- **ORGANIZA:** Cámara de Comercio de A Coruña e Igape
- **COFINANCIA:** FEDER / IGAPE
- **FEIRA:** INDEX SAUDI. <https://www.index-saudi.com/>
- **PAIS-CIUDAD:** Arabia Saudi- Riad
- **SECTOR:** Habitat: muebles, accesorios decoración, baño y cocina. Oficina (Workspace). Arte. Iluminación. Textil hogar. Arquitectura de interior. Automatización. Elementos de descanso.
- **DATAS:** 14-21 de setembro 2024
- **DATAS DAS FEIRAS:** 17-19 setembro 2024 . Celebrase conxuntamente coa a Feira Hotel Show.  
**ATENCIÓN:** As empresas poderán adapta-las datas ás súas necesidades e polo tantopoderán viaxar menos días se non precisan estar tanto tempo no mercado da acción.
- **DATA LIMITE DE INSCRIPCIÓN:** 20 de junio 2024

### SELECCIÓN DAS EMPRESAS

A selección efectuarase respectando a orde de entrada da inscrición e ata o esgotamento das prazas dispoñibles, sempre que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

### CUSTO DE INSCRIPCIÓN

O custe estimado que a empresa ten que pagar para inscribirse é o seguinte:

- O prezo se calculará en función das necesidades de cada empresa e da Feira na que participe.

**OS CUSTOS QUE INDICAMOS SON ORIENTATIVOS. A POSTERIORI SE CALCULARAN OS CUSTOS DO HOTEL E VOOS.**

Exemplo de custo de stand 12m2: 10.100euros+ iva= 12.221,00 €  
€ (stand básico con mobiliario, unha esquina e rexistro na Feira)

As empresas poden solicitar mais o menos m2. Informarse do custo correspondente.



- Una vez recibida a documentación, a Cámara de Comercio de A Coruña comunicará as empresas o importe a ingresar en función dos m<sup>2</sup>, ubicación do stand, cuota de xestión da Cámara etc.
- **No momento da inscrición solicitarase un importe de 10.000 euros+IVE en concepto de anticipo. A Cámara solicitará anticipos a medida que se produzan gastos correspondentes á participación da empresa.**

#### ○ Custos que son subvencionados

- Billete de avión i/v + seguro de viaxe da persoa que participa en nome da empresa (2 persoas)
- Hotel con almorzo de 7 noites máximo para 2 persoas. Para saber os límites de importes subvencionables de voos e hoteis consulten a información que veñe en apartados posteriores, seguro de viaxe da persoa que participa en nome da empresa.
- Tamén a parte proporcional que se imputa a cada empresa participante do viaxe, aloxamento, seguro dun técnico da Cámara se viaxa nesta acción. **Neste viaxe no se prevé o desplazamiento dun técnico da Cámara.**
- Custo do stand, decoración, envío do material a exporner
- Inscrición no catálogo da feira
- Interprete si fose necesario
- envío de mercancía
- Cuota de xestión da Cámara (é de 1.000 euros)

**Para que as empresas non teñan que facer un desembolso excesivo ao inscribirse, a cuota de xestión da Cámara terán que ser pagados pola empresa á Cámara cando se faga o axuste dos gastos totais unhas semanas máis tarde da realización da acción.**

**ATENCIÓN / MOI IMPORTANTE.** Os custos poden variar á baixa ou á alza a posteriori cando a Cámara faga a liquidación definitiva da acción. A Cámara axustará coa empresa os importes definitivos dependendo dos importes que gaste cada empresa na acción (é dicir, do valor que finalmente teñan os voos, hotéis, etc.) e tamén dos custos que non está pagando a empresa agora para inscribirse (servizos de acompañamento e xestión da Cámara).

#### CONTÍA DA AXUDA

A contía da axuda será dun 70% de subvención que se aplica sobre a seguinte suma:

**Importe total dos gastos subvencionables feitos pola empresa + 7% de custos indirectos** (e ese 7% calcúlase sobre o importe total dos gastos subvencionables)

En total, tramitárase unha subvención do 71,96% da totalidade dos custos.

## PLAN DE VIAXE PREVISTO / DESEÑO VIAXE / PERSOAS PARTICIPANTES / LÍMITES SUBVENCIONABLES

- **PLAN DE VIAXE.** O plan de viaxe previsto pode variar moito en función das necesidades das empresas e as axendas conxuntas e individuais que teñan. Polo tanto, as empresas poderán adapta-las datas de estancia e de viaxe ás súas necesidades sempre que cumpran coas bases establecidas no convenio FOEXGA.
- **DESEÑO DO VIAXE COAS AXENCIAS DESIGNADAS**
  - Seguindo a normativa vixente, a Cámara de Comercio de A Coruña fará un concurso para organizar as viaxes das empresas.
  - Por elo, todas as empresas que se inscriban deberán organiza-la viaxe coa axencia que lles indique a Cámara logo de ser eleixida por presentar ante a Cámara o mellor orzamento para organizar eses servizos.
  - Por mor do establecido nas bases destas axudas as empresas non poden presentar facturas das súas axencias para ser subvencionadas.
- **PERSOAS QUE PODEN PARTICIPAR EN REPRESENTACIÓN DA EMPRESA.** Unicamente subvencionaranse os gastos de viaxe do persoal propio da peme participante, ou forme parte do consello de administración da mesma.
- **LÍMITES SUBVENCIONABLES.** Non esquecer que para determinados gastos subvencionables (voos, hotéis, etc.) existen límites reflectidos nas bases reguladoras (principalmente no ANEXO V) que as empresas poden consultar na seguinte ligazón e no texto que se reflicte a continuación - [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240313/AnuncioO92-040324-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240313/AnuncioO92-040324-0001_gl.pdf)

### ANEXO V

#### Límites gastos de viaxe e aloxamento

- **Límites gastos de viaxe**

Gastos máximos de viaxe subvencionables por persoa e por tramos de distancia entre o país de orixe e o país ou países de destino (terase en conta só unha cidade de destino por país ou países obxecto da actuación).

Distancias cidade de orixe e destino	Importe ida	Importe volta
Entre 100 e 499 km	220,00 €	220,00 €
Entre 500 e 1.999 Km	580,00 €	580,00 €
Entre 2.000 e 2.999 km	690,00 €	690,00 €
Entre 3.000 e 3.999 km	1.140,00 €	1.140,00 €
Entre 4.000 e 7.999 km	1.250,00 €	1.250,00 €
8.000 Km ou máis	1.590,00 €	1.590,00 €

Fonte límite: distancia desde a cidade de orixe á cidade de destino de realización das accións calculada en quilómetros, segundo o calculador establecido pola Comisión Europea para o aboamento dos desprazamentos nos proxectos europeos:

<https://erasmus-plus.ec.europa.eu/resources-and-tools/distance-calculator>



- **Gastos máximos de aloxamento**

Fonte: *per diem* Comisión Europea. Detalle país na ligazón:

[https://international-partnerships.ec.europa.eu/document/download/16b30948-4166-4846-98bb-aa055be5fd75\\_en?filename=Per%20diem%20rates%20-%2025%20July%202022.pdf](https://international-partnerships.ec.europa.eu/document/download/16b30948-4166-4846-98bb-aa055be5fd75_en?filename=Per%20diem%20rates%20-%2025%20July%202022.pdf) (tarifas publicadas o 25.7.2022)

Nos *per diem* establécense os límites máximos de aloxamento: a subvención aplicarase sobre o 100 % do importe total indicado para cada país no *per diem*.

**No caso de Arabia Saudita:** 360 euros por día de aloxamento ; para voos: 2.500 euros para voos i/v

## PROCESO DE INSCRIPCIÓN

**Data límite de inscrición: 20/06/2024**

### Proceso de inscrición na acción

Antes de nada, teñan en conta que necesitan ter un **CERTIFICADO DIXITAL** para poder realizar todas as xestións telemáticamente ante o IGAPE.



- **PASO 1 – Acceder á Oficina Virtual do Igape**

- Acceder á oficina virtual do IGAPE no seguinte link - <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>
  - **EMPRESA XA REXISTRADA.** A empresa que xa estea rexistrada debe proceder ao PASO 2.
  - **EMPRESA NON REXISTRADA.** Se no está rexistrada, terá que rexistrarse por primeira vez na pestaña “REXISTRAR NOVO USUARIO”.
- Unha vez que se rexistre por primeira vez, as claves valdránlle para acceder a esta OFICIÑA VIRTUAL do IGAPE tódalas veces que queira.

- **PASO 2 – Comprobar alta en Programas Avanzados de Internacionalización – IG192**

- Unha vez que estea dentro da OFICIÑA VIRTUAL, debe comprobar se a súa empresa está xa dada de ALTA EN PROGRAMAS AVANZADOS DE IGAPE DE APOIO A INTERNACIONALIZACIÓN – IG192.2024.1.
  - **EMPRESA XA DADA DE ALTA.** Pode continuar co proceso no PASO 3.
  - **EMPRESA NON DADA DE ALTA.** Deberá acceder ao apartado “PROGRAMAS IGAPE” e buscar o “Alta en programas avanzados de Internacionalización - IG192.2024.1 - Alta en programas de internacionalización” Teñen que acceder a ese formulario e solicitalo. O IGAPE daralle á empresa un número de alta que lle valdrá para o proceso de inscrición na acción.



INSTITUTO GALEGO  
DE PROMOCIÓN  
ECONÓMICA



Cofinanciado pola  
Unión Europea



Fondos Europeos

- **ATENCIÓN:** Esta solicitude nos PROGRAMAS AVANZADOS DE IGAPE DE APOIO A INTERNACIONALIZACIÓN a teñen que facer unha soa vez e xa lle vale para calquera subvención de internacionalización que pida a IGAPE a partires de agora.

- **PASO 3 – Inscripción na acción correspondente – IG249**

- En terceiro lugar, terán que ir ao mesmo apartado “PROGRAMAS IGAPE” da OFICIÑA VIRTUAL DO IGAPE e buscar a opción “Misións comerciais das pemes - IG249.2024.1 - Solicitude de participación no plan de misións comerciais das pemes”
- Accedan a ese apartado e terán que cubrir un formulario de inscrición. **MOI IMPORTANTE:** Cando estean cubrindo este formulario, nalgún intre lles pedirá que identifiquen en qué acción están intentando inscribirse. O código desta acción para PEMES é: Expediente IG202.2024.1.55

**PROBLEMAS COA INSCRICIÓN - ATENCIÓN:** Dende a Cámara non temos acceso telemático á plataforma do IGAPE para seguir as inscricións das empresas polo que só dende o IGAPE poderán axudar á empresa que tivese problema para inscribirse:

Mail: [internacionalizacion@igape.es](mailto:internacionalizacion@igape.es)

T. 900 815 151

- **PASO 4 – Inscripción e pago ante a Cámara de Comercio**

- Cando rematen de cubrir todo ante o IGAPE, deberán acceder á páxina web da Cámara de Comercio de A Coruña no seguinte link

<https://www.camaracoruna.com/evento/participacion-en-feria-index-saudi-riad-septiembre-2024-ig202-2024-1-55-pymes-ig265-2024-1-30-para-no-pymes/>



- **Nese link deberán facer o seguinte:**
  - **PASO 1.** Cubrir os breves apartados que se lles indican.
  - **PASO 2.** Subir os seguintes documentos:
    - Formulario de solicitude de participación na acción. É o formulario IG249 que a empresa ten que cubrir e asinalo.
    - No caso de inscrición dunha sociedade (os autónomos non), copia da acreditación da representación legal (escritura de constitución da sociedade ou escritura de poder).
    - Copia Certificados de estar o corrente coa AEAT, TGSS e Facenda (Consellería de Facenda da Xunta de Galicia).
  - **PASO 3.** Só cando suba documentación anterior, poderá acceder a subir o xustificante de pago por transferencia que tivo que realizar:
    - Nº de conta: ABANCA: ES 82 2080 3103 1030 4001 7149
    - A c/c a nome da Cámara de Comercio de A Coruña por **importe de: 10.000 euros+iva= 12.100 euros. Indicar o concepto: participación FERIA INDEX Arabia Saudi sept 2024**
  - Para maior aclaración dos importes e do que inclúen, por favor remitan un mail a [exteriorol@camaracoruna.com](mailto:exteriorol@camaracoruna.com)

## ○ PASO 5 – Confirmación de inscrición da Cámara de Comercio

- Unha vez recibida toda a documentación necesaria (incluído o xustificante de pago) a Cámara confirmará á empresa a súa aceptación na acción (sempre que haxa prazos suficientes).
- A Cámara pondrá en contacto á empresa coa axencia de viaxe que organizará os servizos de voos / seguro e aloxamento e o resto de provedores se procedese.

## LIQUIDACIÓN E COBRO AXUDAS

- **PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.** Nun prazo de 1 mes dende a data final de remate da acción, a Cámara solicitará ao IGAPE á subvención para cada empresa:
  - A Cámara solicitará as empresas a documentación necesaria para solicita-la subvención.
  - Axustará cantidades coas empresas (a favor ou en contra do importe inicialmente pagado pola empresa) en función do custos reais nos que incurrira a empresa (voos, hotéis, etc.).
- **REVISIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN**
  - O IGAPE revisará a documentación presentada e solicitará a subsanación da mesma se procede.
  - Unha vez estea correcta a documentación presentada, o IGAPE procederá ao pago da subvención de tódalas empresas á Cámara e a Cámara. E ésta remitirá nun prazo máximo de 10 días a cada unha das empresas o seu importe correspondente.
  - Será de aplicación a regulación sobre o réxime de xustificación, pagamento, reintegro e réxime sancionador de subvencións contida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

## REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

Artigo 8 das bases de axuda. Poden consultar o mesmo na seguinte ligazón -

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240313/AnuncioO92-040324-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240313/AnuncioO92-040324-0001_gl.pdf)

### ***En resumen:***

- *Ser pymes*
- *Tener algún centro de trabajo en Galicia*
- *Web en inglés*
- *No estar en situación de crisis*
- *Tener el IG192-Diagnostico de Internacionalización Igape*
- *Estar al corriente con Hacienda, S.Social y Facenda da Xunta*
- *No haber tenido subvenciones en reg de minimis por mas de 300.000 euros en los 3 últimos años.*

## OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Artigo 9 das bases de axuda. Poden consultar o mesmo na seguinte ligazón -

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240313/AnuncioO92-040324-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240313/AnuncioO92-040324-0001_gl.pdf)

## GASTOS SUBVENCIONABLES

**Gasto subvencionable:** trátase do importe facturado polas entidades colaboradoras para a organización e execución dos eventos subvencionables, polos seguintes conceptos e cos límites seguintes de gasto máximo subvencionable (reflectidos nas bases - [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240313/AnuncioO92-040324-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240313/AnuncioO92-040324-0001_gl.pdf)):

Custos directos (conceptos)	Límite de gasto subvencionable para cada peme e acción en que participe
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cotas de inscrición nos eventos promocionais non expositivos dos citados no artigo 3.1.b), así como custo das entradas a feiras, congresos ou eventos de recomendado interese e incluídos no programa da actuación.</li> </ul>	Cota ou fee de inscrición ou entradas cun límite de 2.000 €por evento.
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asistencia externa en destino para a realización de axendas e para organización da acción.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Gastos de intérpretes para accións individuais econxuntas.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aluguer do espazo, stand e/ou salas para a realización da acción, gastos de decoración básica, aluguer demobiliario, gastos de subministracións básicas no stand (luz, auga, limpeza), inserción no catálogo de expositores e outros gastos de servizos inherentes ao evento expositivo.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Gastos de envío de mostras sen valor comercial ecatálogos co seu seguro correspondente.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Viaxe dunha persoa da peme participante (2 persoas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b).</li> </ul>	<p>Límites anexo V.</p> <p>Datas da viaxe subvencionable: entre a data da convocatoria e a data límite de presentación da solicitude de cobramento. Só se subvencionarán os gastos correspondentes a avión, tren e/ou autobús.</p> <p>Só se subvencionarán este tipo de custos cando a persoa que viaxa sexa persoal propio da empresa, ou forme partedo seu consello de administración.</p>
<p>Aloxamento dunha persoa da peme participante en réxime de aloxamento ou aloxamento e almorzo (2 persoas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b).</p>	<p>Só se subvencionarán pernoitas comprendidas entre as datas das actuacións cun máximo de 5 pernoitas (7 pernoitas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b) e tendo en conta os límites indicados no anexo V.</p> <p>No caso de accións en máis dun país, engadiranse un máximo de 3 pernoitas máis subvencionadas por país, cun máximo total de 12 pernoitas.</p> <p>Só se subvencionarán este tipo de custos cando a persoa que viaxa sexa persoal propio da empresa, ou forme partedo seu consello de administración.</p>
<p>Traslados grupais.</p>	<p>Só se subvencionarán os traslados que sexan contratados e facturados á cámara como organizadora; inclúense todos aqueles traslados en grupo que se realicen no marco da acción, incluídos os traslados desde e ata o aeroporto, así como traslados desde ou ata lugares onde se celebren reunións ou eventos incluídos no programa conxunto</p>



	da acción. Quedan excluídos os traslados individuais decalquera tipo.
Taxa de visado e seguro de viaxe, incluídas as coberturas de cancelación, e custo de realización de probas PCR ou similares sempre que se consideren obrigatorias para a realización da viaxe, dunha persoa da peme participante. No caso das actuacións das citadas no artigo 3.1.b), dúas persoas por peme participante.	
<b>Servizos prestados directamente pola entidade colaboradora organizadora da acción</b>	
• Gastos de organización da acción, información e asesoramento á peme ( <i>dossier</i> de mercado, asesorías telefónicas, reunións previas, seguimento da axenda de entrevistas, elaboración de listas, informes e todas aquelas precisas para a eficiente organización da acción e a xestión da subvención para a peme).	Máximo de 1.200 €. Este límite será de 600 € naquelas accións excepcionais descritas no artigo 3.1.a) que non leven aparelado o desenvolvemento dunha axenda empresarial.
• Parte proporcional do servizo de apoio técnico en destino.	Límites: 600 euros/día por acción con independencia do número de pemes participantes.  A prestación deste servizo por parte da entidade colaboradora será obrigatoria en calquera actuación agrupada cunha participación igual ou superior a 4 empresas. Poderase solicitar a excepción desta obriga, que se poderá acordar cando polas características da actuación se desprenda que non achega valor engadido a actuación.
Parte proporcional dos gastos de viaxe e aloxamento das persoas da entidade colaboradora designadas para prestar o servizo de acompañamento, incluídos os seguros de viaxe, as probas PCR ou similares, e os visados correspondentes.	Só se subvencionarán pernoitas comprendidas entre as datas das actuacións cun máximo de 5 pernoitas (7 pernoitas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b) e tendo en conta os límites indicados no anexo V.
Límites máximos de gasto subvencionable por todos os conceptos.	Por cada peme beneficiaria e por cada misión en que participe: 8.000 €.  Por cada peme beneficiaria e por cada evento expositivo en que participe: 32.000 €.

## PENALIZACIÓN POR BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA

En caso de **BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA**, establécense as seguintes penalizacións:

- A- Se a baixa se produce con 40 días ou máis de antelación á realización da acción, a penalización consistirá no aboamento dos gastos incorridos, ata o momento, por parte da empresa.
- B- Se se produce con 39 a 30 días de antelación á realización da acción, a empresa pagará o 50% da aportación establecida para participar na acción.
- C- Se se produce entre o comezo da misión e os 29 días anteriores á realización da acción, aboaráse o 100 % da aportación.

Se os gastos reais ocasionados superan as ditas porcentaxes, se lles repercutirán a maiores.

## INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS

Odile Lueiro Garnil

Departamento Comercio Exterior

**Cámara de Comercio de A Coruña**

Tfno. 981 21 60 72 / e-mail: [exteriorol@camaracoruna.com](mailto:exteriorol@camaracoruna.com)

## INFORMACIÓN SOBRE OUTRAS ACCIÓNS PARA PEMES DO PLAN

Por favor consulte este enlace da web da Cámara de A Coruña para consultar máis accións do Plan Foexga que organizan o IGAPE e a Cámara de A Coruña:

<https://www.camaracoruna.com/eventos/cat/117/internacionalizacion/>